17.1. SECCIÓN: Escarapela aos 5 primeiros animais clasificados en cada unha das seccións individuais. Ademais nas seccións de vacas en lactación (14, 15, 16, 17, 18 e 19), concederase o título único de Mellor Ubre.

17.2. CAMPIONATOS: Concederase estandarte ás campionas e subcampionas.

17.3. CRIADOR: Estandarte ao mellor Criador e Segundo Criador.

17.4. GRANDES CAMPIONATOS. Estandarte e trofeo. Igualmente, concederase estandarte á Xovenca e á Vaca Gran Campiona Reserva.

17.4. MELLOR MANEXADOR

Concederase este título ó Manexador que ó longo de todo o Certame demostre maior habilidade e profesionalidade no manexo e presentación de animais en pista.

18. DISPOSICIÓNS FINAIS

18.1. No caso de que nalgunha sección non se presentaran máis de 3 animais, a sección será anulada e os animais nela inscritos serán, -dependendo da súa idade,- incluídos na sección anterior e/ou posterior.

18.2. As decisións do Xuíz serán inapelables, por tanto a participación nos certames supón acatelas.

18.3. A Comisión Organizadora decidirá sobre todos aqueles asuntos non contemplados no presente regulamento, así mesmo interpretará e decidirá, de maneira inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se poidan plantear na interpretación do mesmo.

18.4. A participación supón a aceptación de todas as normas e preceptos recollidos neste regulamento.

SECCIÓNS DO CONCURSO

SEC. 1: BECERRAS DE 5 A 7 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Xullo de 2013 e o 30 de Setembro de 2013.

SEC. 2: BECERRAS DE 8 A 10 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Abril e o 30 de Xuño de 2013.

SEC. 3: BECERRAS DE 11 A 13 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Xaneiro e o 31 de Marzo de 2013.

SEC. 4: BECERRAS DE 14 A 16 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Outubro e o 31 de Decembro de 2012.

SEC. 5: XOVENCAS DE 17 A 19 MESES

Son as femias, nadas entre o día 1 de Xullo e o 30 de Setembro de 2012.

SEC. 6: XOVENCAS DE 20 A 22 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Abril e o 30 de Xuño de 2012.

SEC. 7: XOVENCAS DE 23 A 26 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Decembro de 2011 e o 31 de Marzo de 2012.

SEC. 8: BECERRA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de

gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Concederanse os títulos de **BECCERRA CAMPIONA DE GALICIA** e **SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2014"**.

SEC. 9: XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 5ª, 6ª e 7ª. Concederanse os títulos de **XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA** e **SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2014"**.

SEC. 10: XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirán a Campiona e Subcampiona das seccións 8ª e 9ª. Outorgaranse os títulos de **XOVENCA GRAN CAMPIONA** e **RESERVA GRAN CAMPIONA "FEFRIGA 2014"**.

SEC. 11: TERNERA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Outorgaranse os títulos **TERNERA CAMPEONA** e **SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '14"**.

SEC. 12: NOVILLA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 5ª, 6ª e 7ª. Concederanse os títulos de **NOVILLA CAMPEONA** e **SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '14"**.

SEC. 13: NOVILLA GRAN CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 11ª e 12ª. Outorgaranse os títulos de **NOVILLA GRAN CAMPEONA** e **RESERVA GRAN CAMPEONA "GANDAGRO '14"**.

SEC. 14: VACA XOVEN LACTACION ATA 30 MESES

Son as femias en lactación, nadas a partir do día 1 de Setembro de 2011 inclusive.

SEC. 15: VACA XOVEN LACTACION DE 30 A 36 MESES

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo e o 31 de Agosto de 2011.

SEC. 16: VACA INTERMEDIA EN LACTACION (3 ANOS)

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo de 2010 e o 28 de Febreiro de 2011.

SEC. 17: VACA INTERMEDIA LACTACIÓN 4 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo de 2009 e o 28 de Febreiro de 2010.

SEC. 18: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 5 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Marzo de 2008 e o 28 de Febreiro de 2009.

SEC. 19: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 6 ANOS OU MÁIS

Son femias en lactación, nadas antes do 1 de Marzo de 2008.

SEC. 20: VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 14ª e 15ª. Concederanse os títulos

de **VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA** e **SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2014"**.

SEC. 21: VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 16ª e 17ª. Concederanse os títulos de **VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA** e **SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2014"**.

SEC. 22: VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 18ª e 19ª. Concederanse os títulos de **VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA** e **SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2014"**.

SEC. 23: VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 20ª, 21ª e 22ª. Outorgaranse os títulos de **VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA** e **RESERVA GRAN CAMPIONA "FEFRIGA 2014"**.

SEC. 24: VACA JOVEN CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas sec. 14ª e 15ª. Concederanse os títulos de **VACA JOVEN CAMPEONA** e **SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '14"**.

SEC. 25: VACA INTERMEDIA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas secciones 16ª e 17ª. Concederanse os títulos de **VACA INTERMEDIA CAMPEONA** e **VACA INTERMEDIA SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '14"**.

SEC. 26: VACA ADULTA CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 18ª e 19ª. Concederanse os títulos de **VACA ADULTA CAMPEONA** e **VACA ADULTA SUBCAMPEONA INTERNACIONAL "GANDAGRO '14"**.

SEC. 27: VACA GRAN CAMPEONA INTERNACIONAL

Competirán a Campiona e Subcampiona das seccións 24ª, 25ª e 26ª. Outorgaranse os títulos de **VACA GRAN CAMPEONA INTERNACIONAL** e **RESERVA GRAN CAMPEONA "GANDAGRO '14"**.

SEC. 28: MELLOR CRIADOR DE GALICIA

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación de Galicia, aínda que na actualidade sexan propiedade doutros gandeiros. Concederanse os títulos de **MELLOR CRIADOR** e **SEGUNDO CRIADOR DE GALICIA "FEFRIGA 2014"**.

SEC. 29: MEJOR CRIADOR INTERNACIONAL

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación, aínda que na actualidade sexan propiedade de outros gandeiros. Concederanse os títulos de **MEJOR CRIADOR** e **SEGUNDO CRIADOR INTERNACIONAL "SEMANA VERDE '2014"**.

XXX CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUÍS LOUZAO"

CONDICIONS XERAIS

1.- O Concurso celebrárase o **venres 14 de Marzo ás 13:00 horas** no Recinto Feiral de Silleda.

2.- Antes do Concurso, terá lugar unha Demostración de Manexo para todos os presentes e en especial para os participantes neste Concurso.

3.- Nel poderán participar todas aquelas persoas que o desexen e a súa idade non exceda dos 30 anos, inclusive.

4.- Dada a diferenza de idade entre os posibles participantes, establécense as seccións según se indica no punto 5.

5.- SECCIÓN:

Sección 1ª: Competirán xóvenes que teñan **entre os 21 e os 30 anos inclusive**.

Sección 2ª: Competirán xóvenes con idades comprendidas **entre os 16 e 20 anos inclusive**.

Sección 3ª: Inclúe a xóvenes con idades comprendidas **entre os 10 e os 15 inclusive**.

Sección 4ª: Nela participarán nenos **menores de 9 anos**.

Sección 5ª - CAMPIONATO: Competirán polos títulos de **CAMPIÓN** e **SUBCAMPIÓN** Manexador **GANDAGRO 2014**, os dous primeiros clasificados nas seccións 1, 2 e 3.

6.- As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis xóvenes poidan aprender as técnicas que os maiores empregan.

7.- No caso de que algunha sección teña menos de 3 participantes, serán incluídos na sección anterior ou posterior, en función da súa idade.

8.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 28 de Febreiro.

9.- Sendo o obxectivo do concurso, o de formar e estimular ós xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal con que vaia concursar.

10.- Os máis xóvenes poderán ser axudados nos traballos mencionados (punto 9) polos colaboradores do Clube que se atopan no recinto.

11.- Os concursantes nas seccións 3 e 4 (punto 5) só poderán participar con animais inscritos nas seccións de becerras do Concurso de frísón.

12.- Os concursantes nas seccións 1 e 2 só poderán competir exclusivamente con xovenas.

CONDICIONS DE PRESENTACIÓN

No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:

13.- Obrigatoria, ir uniformado con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS**.

14.- Comprobar que o animal que vaia exhibir esté perfectamente limpo e en condicións para saír a pista.

15.- Estar atento ás instrucións que se den e presentarse puntualmente en pista, cando e cantas veces sexa requerido.

16.- Unha vez en pista, estar atento en todo momento, ás indicacións do xuíz e actuar, correcta e rápidamente, dacordo ás mesmas.

17.- Manter en todo momento ó animal baixo control, procurando non distraer nin molestar ós outros concursantes.

18.- Estar preparado para responder a calquera pregunta que o xuíz poida facerlle con respecto ó animal que conduce (idade, país, etc).

19.- Recordar que unha sección non rematou ata que o xuíz o indique, por tanto, toda colocación será provisional ata dito momento.

20.- Aceptar deportivamente as decisións do xuíz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respetuosa.

Mincio

Bolton x Iron x Mtoto

BERTAIOLA MINCIO ET TY - IT020990262514 - aAa 243165



italian style

El N°1 a Tipo y Ubre de la Campaña



Valle Mincio 83 VG87

CANADÁ:
LPI 2853
Leche +1187
Confor. 15
Ubre 17
Patás 10

USA:
GTPI 2062
Leche +952
Tipo +2.97
Ubre +3.47
Patás +2.37

ESPAÑA:
ICO 3322
Leche +911
Tipo +2.98
Ubre +3.89
Long. 115

ITALIA:
PFT 2273
Hijas 150
Leche +939
Tipo +3.04
Ubre +4.18
Patás +3.32

Semenzoo

 España

Distribuido en Galicia por:

semenzoo@semenzoo.es

Manuel Reija 610 526 785 - Ángel López 677 229 407 - Noel Balsa 619 760 916 - Alberto Lamas 680 115 019

“UN GRAN ÉXITO”

MZani Bolton
MASCALLESE



ZANI BOLTON MASCALESE ET TL TY IT017990516801 AAA423561

BOLTON X O-MAN X TADAM X EMERSON X FORMATION X BELLWOOD X MASCOT X BELL GENE X CHAIRMAN X MARQUIS NED X FURY LAD

TRAS LAS ÚLTIMAS PRUEBAS DE DICIEMBRE, MASCALESE SE CONFIRMA UNA VEZ MÁS COMO EL TORO MÁS SÓLIDO DEL PANORAMA INTERNACIONAL Y EL MEJOR HIJO DE BOLTON PRUBADO LIBRE DE BRACHYSPINA.

... Y se dispara la “Mascalesemanía”

DESDE SU DEBUT EN 2012 SUS HIJAS COTIZAN AL ALZA EN LAS SUBASTAS Y RANKINGS INTERNACIONALES COMO SUCEDÉ TAMBIÉN EN ESPAÑA DONDE VARIAS HIJAS DE MASCALESE, NACIDAS ADEMÁS EN GALICIA, DOMINAN DESDE HACE MESES LA CLASIFICACIÓN DE LAS MEJORES TERNERAS GENÓMICAS CON DATOS REALMENTE EXCEPCIONALES COMO LO DEMUESTRA LA FANTÁSTICA Nº1, COCHERO MASCALESE CARLOTA, UNA HIJA DE MASCALESE X XACOBEO QUE SE HA CONVERTIDO EN LA PRIMERA TERNERA QUE HA SUPERADO LOS 4.000 PUNTOS DE GICO DIRECTO!!

MEJORES TERNERAS GENÓMICAS NOVIEMBRE 2013 - DATOS CONAFE

Nº	Nombre	GICO	kg. Leche	GIGT	GICU	GIPP	GICAP	RCS	LONG.
1	COCHERO MASCALESE CARLOTA ET	3.812	1.504	3,07	2,95	1,68	1,99	111	127
2	CANEDA YONA MASCALESE	3.689	1.736	2,41	2,45	0,86	2,08	112	108
3	PONDEROSA LET IT SNOW ANGI ET	3.575	1.172	3,54	3,23	1,53	1,96	102	112
4	XERCAS CAV ELVIRITA EPIC ET	3.558	1.548	2,07	1,73	1,76	2,10	111	123
5	COCHERO MASCALESE BELINDA ET	3.539	1.433	2,53	2,70	1,67	1,41	107	122

Gracias a todos los ganaderos Gallegos por vuestra confianza

Semenzoo

España

www.semenzoo.it

XULGAMENTO


- Este Concurso de Manexadores estará dirixido por un xuíz, do cal será misión:
- 21.-** Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.
 - 22.-** Xulgar cada sección por separado.
 - 23.-** Dar as explicacións do por qué da colocación en cada unha das seccións xulgadas, procurando aconsellar aos xóvenes como mellorar a súa técnica.
 - 24.-** Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que estos deben observar (preparación do animal, técnica de presentación e actitude amosada na pista, tanto hacia os seus compañeiros como ás indicacións do xuíz).
 - 25.-** As decisións do xuíz serán inapelables, por tanto, a participación implica a aceptación das mesmas.

PREMIOS

- 26.-** Outorgaranse escarapelas aos 3 primeiros clasificados das seccións 1, 2 e 3.
- 27.-** No Campionato (sección 5), concederanse os seguintes premios:
 - Campión** 150€ e trofeo do Clube de Xóvenes Gandeiros.
 - Sucampión** 100€ e trofeo do Clube de Xóvenes Gandeiros.
 - Reserva** 50€.
- 28.-** Sección 4: xóvenes menores de 9 anos: concederase escarapela e un obsequio a todos os participantes.
- 29.-** Concederase un premio dotado con 200€ ó mellor grupo ou asociación participante.

DISPOSICIÓNS FINAIS

- 30.-** A participación supón a aceptación de todas as normas contidas no presente regulamento.
- 31.-** A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do regulamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.

CONCURSO PATROCINADO POR:  **MAPFRE** | AGROPECUARIA

VII CONCURSO DE XÓVENES PREPARADORES GANDAGRO '14

CONDICIÓN XERAIS

- 1.-** O Concurso celebrarase o día **13 de Marzo ás 16:30 horas** no Recinto Feiral Semana Verde.
- 2.-** Nel poderán participar todos aqueles xóvenes de Galicia e/ou socios do Clube que o desexen e que a súa idade non exceda dos 30 anos inclusive.
- 3.-** Por necesidades de espazo e organizativas, **o prazo de inscrición rematará o día 10 de Febreiro de 2014**, non tendo dereito a participar aqueles xóvenes que se inscriban con posterioridade a dita data.
- 4.-** En xeral, para o pelado ÍNTEGRO dos animais, cada participante disporá de 2 horas, non obstante, os participantes de 15 anos e menores disporán de 30 minutos suplementarios.
- 5.-** Á hora estipulada para o comezo do Concurso será para aqueles participantes que pola súa idade necesiten as 2 horas e 30 minutos.
- 6.-** Sendo o obxectivo do concurso, o formar e estimular os xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar (sen axuda externa) o animal co que vaia a concursar.
- 7.-** Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións do Concurso.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- 8.-** Por razóns organizativas, as inscricións estarán formalizadas con un mes de antelación, a fin de dispoñer dos animais necesarios.
 - 9.-** Cada participante, terá que estar provisto e ter inscrito no concurso animal para o pelado.
 - 10.-** Os participantes que non dispoñan de animal propio para este concurso, terán que indicalo na súa inscrición e remitila á maior brevidade posible para poder asignarlle un exemplar.
 - 11.-** Os participantes poden solicitar calquera tipo de material ó Clube de Xóvenes Gandeiros no momento de formalizar a súa inscrición.
 - 12.-** Cada concursante terá que estar provisto de todo o equipo necesario para o pelado e a presentación do animal e todo este material será por conta do participante.
- No momento de inicio do concurso os preparadores deberán:
- 13.-** Presentarse na zona de Concurso co animal con que van a participar así como todo o equipo de preparación e pelado.
 - 14.-** O animal con que se participe, debe de estar limpo, domado e sen ningunha rexión do seu corpo (cabeza, patas, rabo, pescozo, etc.,) pelada.
 - 15.-** Manter en todo momento o animal baixo control, procurando non distraer nin molestar ós outros concursantes.
 - 16.-** Unha vez expirado o prazo concedido para o pelado e preparación (2,00 ou 2:30 Horas según idade) todos os concursantes deberán deixar o animal nas condicións que se atope e recoller o seu material.
 - 17.-** Os participantes disporán de 15 minutos para uniformarse e presentarse na entrada de pista.
 - 18.-** Obrigatoriamente terán que sair co animal preparado a pista, uniformados de **PANTALÓN AZUL E CAMISA BRANCA**.
 - 19.-** Antes do xulgamento dos animais en pista o xuíz comentará e valorará cada preparador o traballo realizado, dándolles as explicacións e consellos que en cada caso proceda.

XULGAMENTO


- 20.-** O xulgamento do Concurso de Xóvenes Preparadores correrá a cargo dun Comité formado por 3 persoas.
- Serán misións deste Comité:**
- 21.-** Revisar previo comezo da competición que todos os animais non teñan ningunha parte do seu corpo pelada.
- 22.-** Cumprimentar a Táboa de Valoracións estipulada para este fin, e que é a seguinte:

VALOR	PARTES A PUNTUAR
5 max.	CABEZA- PESCOZO
10 max.	LÍNEA DORSO-LUMBAR
10 max.	BARRIGA
7 max.	COSTILLAR / CORPO
5 max.	PATAS
10 max.	VALORACIÓN XERAL DO CONXUNTO APARIENCIA XERAL REMATE FINAL
10 max.	VALORACIÓN DO PRESENTADOR
10 max.	ACTITUDE DO PRESENTADOR

- 23.-** Avaliar o traballo individual que cada concursante teña feito na preparación e pelado, cumprimentando a Táboa de valoracións (punto 22).
 - 24.-** Colocar aos participantes e conceder a puntuación e premios, dacordo coas habilidades amosadas.
 - 25.-** Expoñer ante o público e concursantes as razóns e motivos polos que procederon á concesión dos premios e colocación dos concursantes.
 - 26.-** As decisións do Comité serán inapelables, por tanto, a participación implica acatalas e aceptalas con deportividade.
- SECCIÓN**
- 27.-** Xulgaranse todos os participantes nunha única sección.
 - 28.-** A sección será xulgada no espazo destinado ó pelado e unha vez rematado, expoñeranse ó público no ring de concurso.
 - 29.-** A entrada en pista será por rigurosa orde de idade de menor a maior.

PREMIOS

- 30.-** A suma de puntos na avaliación realizada polo Comité establecerá a clasificación final do Concurso.
- 31.-** En base á mesma, outorgaranse os seguintes premios:
 - Campión** escarapela, trofeo e 200€
 - Subcampión** escarapela e 150€
 - 3º clasificado** escarapela e 100€
 - 4º clasificado** escarapela e 50€
- 32.-** Como contribución especial a este certame, o Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, obsequiará con un trofeo ós Xóvenes Campión e Subcampión de Preparadores "GandAgro '2014".
- 33.-** A participación supón a aceptación de todas as normas contidas no presente regulamento.
- 34.-** A Comisión Organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puideran plantexar na interpretación do regulamento, ou que non estiveran recollidas no mesmo.

CONCURSO PATROCINADO POR: 

XXXIV Concurso Nacional CONAFE '13

A pesar da delicada situación na que se atopa o sector, un ano máis, -durante os días 28 e 29 do mes de Setembro,- a cidade de Xixón volvía a acoller a celebración do Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe '13 no que participaron ó redor de 120 animais.

Nesta ocasión, Galicia estivo representada por Gandería Pozo de Saa – Lugo, que con un grupo de 5 estupendos animais, logrou deixar ben alto o pabellón da súa gandeiría e por extensión de Galicia. ¡Noraboa!



Sylvie Gouin

POZOSAA XACOBEO 6945 LUSI

Sección 1ª:

Becerras de 8 a 10 meses

4ª Pozosaa Sid 3287

Sección 3ª:

Becerras de 14 a 16 meses

1ª Pozosaa Xacobeo 6945 Lusi

Sección 4ª:

Xovenças de 17 a 19 meses

3ª Pozosaa Tee Off 6566

Sección 12ª:

Vaca Intermedia de 36 a 41 meses

5ª Pozosaa Sanchez 6929 Lubina

Sección 14ª:

Vaca Intermedia de 4 anos

5ª Pozosaa Goldwyn 6821 Rula

BARREIRA

Tratamiento antideslizante de patios

Un paso seguro!!

626 25 84 44 (Iván)

608 080 528 (Manolo)



Rayado de pisos



Resultados VI Poxa de Xovencas de Mazaricos

1 de decembro de 2013 - Pabellón Polideportivo municipal de A Picota - Mazaricos

Organizado por: Africor-Coruña / Concello Mazaricos

Animais presentados: 28 // animais vendidos: 28

ANIMAL	GANDERIA VENDEDORA	GANDERIA COMPRADORA	PREZO REMATE
MAIKA 571 LAUTHORITY	VILAFERREIROS S.C.	MARÍA GODÓN LENS	2.500 €
OCHUCO,S.C. MILANA SID	O CHUCO, S.C.	GANDERÍA LADO VÁZQUEZ S.C.	2.250 €
SAAMIL MEGASTAR MEGAN	SAAMIL S.C.	SANTA CRISTINA S.C.	2.150 €
BLANCO GABOR 462	BLANCO DE LAGO S.C.	TORRES SAT	2.550 €
6610 FARRAPA TOYSTORY	SAT A FARRAPA	JULIO A. RGUEZ. MOUZO	2.500 €
DUPA JORDAN RAISA AMBICION	M.C. DUBRA LAMAS Y OTRO S.C.	JULIO A. RGUEZ. MOUZO	2.600 €
BASCUAS LUCUS MARELA	JUAN BLANCO FRAGA	Mª DOLORES GARCÍA QUINTELA	2.300 €
6127 BEADE ROMUALDO	BEADE S.C.	MARÍA ARIAS RIAL	2.200 €
XOANA 565 GERARD	VILAFERREIROS S.C.	JOSÉ LUIS CAO LISTE	2.750 €
OCHUCO, S.C. TRUCA WINDBROOK	O CHUCO, S.C.	TORRES SAT	2.500 €
XUANEIRO DORADA CID	SAT XUANEIRO	JOSÉ LUIS CAO LISTE	2.550 €
SAN-RIAN TESS AFTERSHOCK	SAN-RIAN S.C.G.	CANEDA Y FERNÁNDEZ S.C.	3.450 €
ARO 172 XACOBEO 236	COOPERATIVA DE ARO	Mª DOLORES GARCÍA QUINTELA	2.500 €
VILMA 2659 WILDMAN	ASOC. ESPERANTE CAAMAÑO	JORGE MÍGUEZ PRADO	2.550 €
XUANEIRO LUBINA PREMIUM	SAT XUANEIRO	SANTA CRISTINA S.C.	2.350 €
BARREDA 248 ALEXANDER	BARREDA S.C.	TORRES SAT	2.550 €
VIEITES POTRA BOLTON	RAMÓN BODELO PICHEL	PASTORA S.C.	2.250 €
6590 FARRAPA SHOTTLE	SAT A FARRAPA	TORRES SAT	2.750 €
SAN-RIAN TAMIRA LAUTHORITY ET	SAN RIAN S.C.G.	UGASMA S.C.G.	3.150 €
VIEITES EULALIA JORDAN	RAMÓN BODELO PICHEL	SANTA CRISTINA S.C.	2.550 €
BARREDA 243 GABOR	BARREDA S.C.	TORRES SAT	2.400 €
ARO 136 BOLIVIA 230	COOPERATIVA DE ARO	ANA MARÍA GÓMEZ LÓPEZ	2.300 €
SAAMIL TIMBER RAYA	SAAMIL S.C.	JOSÉ RAMÓN MELLA PETEIRO	2.750 €
DUPA XACOBEO RITA ALASCA	M.C. DUBRA LAMAS Y OTRO S.C.	JORGE MÍGUEZ PRADO	3.650 €
JANA 5249 DAMION	ASOC. ESPERANTE CAAMAÑO	Mª DOLORES GARCÍA CARNOTA	2.700 €
NUVEIRA ROCA DANCER	JOSÉ MANUEL LADO PÉREZ	MANUEL ARIAS INFESTA	2.650 €
SAN-RIAN PICA JERRICK	SAN RIAN S.C.G.	JOSÉ MANUEL URES AMIGO	2.500 €
XOLLOS MILA MILLION ET	SAT. XOIOS	GANADERÍA CASÁS S.C.	2.750 €
TOTAL			72.650 €
PREZO MEDIO			2.595 €

Datos e fotos facilitados por Africor-Coruña



DUPA XACOBEO RITA ALASCA



SAN-RIAN TESS AFTERSHOCK



SAN-RIAN TAMIRA LAUTHORITY ET

Por qué é necesario incorporar a Eficiencia Alimentaria ao programa e selección da raza Frisona Española?

Noureddine Charfeddine // Dpto. Técnico CONAFE



Achegámonos á fin da cota láctea e á aplicación dunha nova PAC. Un novo escenario que vai supor un desafío máis para a gandería de vacún de leite, que de por si, vive condicións de mercado moi complicadas; unhas novas reformas que esixen que a actividade gandeira sexa máis sostible ca nunca, dende o punto de vista económico, social e medioambiental para garantir a súa continuidade.

A sostibilidade vai a depender da eficacia técnica dos seus responsables e da eficiencia produtiva dos seus animais. Sabemos que a eficiencia produtiva dun animal depende de tres piares: a alimentación, o manexo e a xenética. Moitos avances foron conseguidos hoxe en día polos técnicos de alimentación, en formular racións moi completas, equilibradas e constantes ao longo de todo o ano. O sistema “unifeed” supuxo un punto de inflexión na alimentación das vacas de leite, minimizou o desperdicio dos alimentos e estimulou o apetito dos animais. En canto ao manexo, tanto reprodutivo como sanitario, a mellora foi tamén constante e buscáronse solucións para minimizar e controlar os efectos dos trastornos metabólicos e dixestivos asociados ó pico da lactación.

No que se refire á xenética, seleccionáronse animais altamente produtivos, con maior capacidade de inxestión, supoñendo que a máis inxestión, máis produción, e, a máis produción, maior rendibilidade. Dita selección levounos a ter animais cada vez con maior capacidade e, polo tanto, con maior tamaño. Sen embargo, a correlación xenética entre o tamaño do animal e a ratio de conversión da enerxía inxerida é negativa. Ademais, a correlación xenética entre produción de leite e a inxestión de materia seca non é tan alta. Varios

estudos mostran valores que varían entre 0,4 e 0,6. É evidente que non sempre é certo que a maior inxestión, maior produción, e, polo tanto, maior rendibilidade. Por iso, para seleccionar por eficiencia alimentaria hai que incluír indicadores máis directos de dita eficiencia nos obxectivos de selección, como é a inxestión de materia seca.

A eficiencia alimentaria foi incluída nos programas de mellora xenética de moitas especies, e en vacún, sobre todo, en razas de carne. En vacas de leite, a gran variabilidade da inxestión por distintos motivos ao longo de toda a lactación, a singularidade de mobilizar reservas en determinados momentos da lactación, o alto custo das medicións individuais da inxestión de materia seca e a súa restrición practicamente a granxas experimentais fixeron que sexa imposible incorporala de forma directa nos programas tradicionais. Sen embargo, coa xenómica temos unha nova ferramenta para incorporar novos caracteres o noso obxectivo de selección, sen a necesidade de recoller grandes masas de datos. Neste artigo vaise intentar explicar varios argumentos polos cales hoxe é necesario incorporar a eficiencia alimentaria aos programas de selección.

1. Existe variabilidade xenética no uso da enerxía inxerida

A alimentación inxerida serve para cumprir coas distintas funcións, e a transformación da mesma pasa por distintas etapas. A forma coa cal cada animal xestiona a enerxía inxerida e destina unha parte desa enerxía a cada función é diferente e implica unha eficiencia relativa a dita función (Gráfica 1).




Gráfico 1. Cada paso na utilización da enerxía polas vacas de leite implica unha eficiencia controlada por un compoñente xenético evidente

“Existe un compoñente xenético condicionando a transformación da enerxía ingerida e o seu uso para producir leite.”

Hai animais que aproveitan mellor a alimentación ingerida que outros, ben a través dunha mellor eficiencia dixestiva dos alimentos; ben a través dunha alta absorción da enerxía dixerible e unha mínima perda de enerxía en forma de feces, oríños e gases; ben a través dunha óptima acumulación e mobilización de reservas; ben a través dunha transformación eficiente da enerxía neta, destinando gran parte dela á produción de leite. Cada unha destas eficiencias no uso da enerxía para cumprir con cada función depende de moitos factores. Sen embargo, hai un compoñente xenético evidente que condiciona cada unha delas. A herdabilidade estimada en varios estudos da taxa de conversión da enerxía ingerida en quilos de leite a un porcentaxe de graxa equivalente varía de 0,2 a 0,35. Unha herdabilidade alta e similar á herdabilidade dos caracteres produtivos. Ademais, varios traballos mostran unha herdabilidade superior a 0,30 para a emisión de metano en vacas de leite. O que confirma a existencia dun compoñente xenético condicionando a transformación da enerxía ingerida e o seu uso para producir leite.

2. Un custo de alimentación insostible

Nos últimos 5 anos, os prezos da materia prima usada na fabricación dos pensos non pararon de incrementarse debido á incerteza e especulacións nos mercados internacionais, favorecidos

por malas colleitas e unha crecente competencia pola mesma materia prima por parte dos produtores de biocombustíbeis.

Se engadimos a esta situación tan complicada no mercado dos cereais, unha variación practicamente nula no prezo do leite, a situación da gandería é cada vez máis insostible. Os gastos de alimentación para producir un quilo de leite están chegando a superar o 60% dos gastos variables. A ratio entre o prezo do leite e o prezo do penso nun sistema como o noso, baseado nunha forte suplementación de penso, non debe baixar do 1,5. Sen embargo, chegou a baixar por debaixo do 1 nos dous últimos anos (Gráfica 2). Unha situación que pon en perigo a viabilidade de moitas ganderías en España. Por isto, é necesario hoxe optimizar o uso dos nutrientes, máis que maximizar a inxestión da materia seca.




Gráfico 2. Evolución dos prezos do leite e do penso en España nos últimos anos

O programa de mellora xenética da raza Frisna Española, debe adaptar os seus obxectivos a esta complicada situación e incorporar as súas prioridades, ademais da selección de animais produtivos e funcionais, aqueles que transforman en leite de forma eficiente a materia seca ingerida.

3. A xenómica fai que dita selección sexa posible

Unha das grandes vantaxes que nos brinda a xenómica é a posibilidade de seleccionar por caracteres con información fenotípica so dispoñible en pequenos nichos da poboación, como é a inxestión de materia seca só medible de forma individual en animais de granxas experimentais. Unha vez estimadas as ecuacións de predición xenómi-

“Varios países, entre eles España, puxéronse a localizar e a organizar a recollida de datos de inxestión de materia seca dispoñibles en moitas granxas experimentais e reunilos nunha soa base de datos internacional”

cas sobre os animais con xenotipos e fenotipos dispoñibles na poboación de referencia, calcúlase o potencial xenético do resto de animais da poboación mediante ditas ecuacións, con simplemente xenotipando ditos animais (Gráfica 3).




Gráfico 3. Na era xenómica obter valores xenómicos directos (VGD) para capacidade de inxestión en animais que non están en granxas experimentais é posible.

4. Unha Iniciativa internacional para a recollida de datos de inxestión de materia seca

Varios países, entre eles España, puxéronse a localizar e a organizar a recollida de datos de inxestión de materia seca dispoñibles en moitas granxas experimentais e reunilos nunha soa base de datos internacional. Dita iniciativa plasmouse nun proxecto internacional que naceu a finais do 2011 baixo o nome “Global Dry Matter Initiative” (Gráfica 4), cuxo obxectivo é de reunir información sobre inxestión de materia seca no máximo número de animais posibles e relacionala coa información xenómica de ditos animais. No proxecto participan 14 entidades, universidades, centros de investigación e organismos de desenvolvemento de 10 países como Alemaña, Australia, Canadá, Dinamarca, España, Estados Unidos, Holanda, Irlanda, Reino Unido, e Nova Celandia.

Tomouse como referencia para valorar a capacidade de inxestión dun animal a inxestión de materia seca ao redor do día 70 da lactación; sen

embargo, preténdese reunir datos de inxestión ao longo de toda a lactación, durante os 5 primeiros partos, para estudar se se trata dun mesmo carácter ou non en distintas fases da lactación e en distintas lactacións. Os primeiros datos foron recompilados en maio de 2012 e varios grupos de investigación empezaron a traballar sobre eles de forma conxunta. Un total de 233.189 rexistros de inxestión de materia seca recollidos durante 12.425 lactacións en 8.737 vacas foron os datos reunidos na primeira entrega. As primeiras estimas de parámetros xenéticos amosaron unha herdabilidade de 0,34 para capacidade de inxestión no conxunto total dos datos.

CONAFE, como representante español en dito proxecto, posúe datos de inxestión cedido polo Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria (IRTA). Sen embargo, ao tratarse de datos históricos, procedentes de animais dos que non se dispón de mostra biolóxica, por estar mortos, non poden incorporarse a este proxecto.

Por outro lado, a finca Mouriscade, propiedade da Deputación de Pontevedra, está colaborando con CONAFE e está recollendo datos de inxestión de materia seca de forma individual nun lote de 20 vacas, que foron xa xenotipadas. Agárdase, polo tanto, achegar estes datos ao proxecto gDMI en próximas entregas.



Gráfico 4. Universidades, centros de investigación e organismos de desenvolvemento participantes no proxecto internacional para a recollida de información sobre inxestión de materia seca.



Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia

se tes o que hai que ter...

ASOCIATE

a páxina do clube


II Open Junior Show

Os días 24 e 25 de Outubro tuvo lugar en Cremona o Concurso Nacional da Raza Frisona, e paralelo ó mesmo, o 8º Nacional e II Open Junior Show.

Nesta competición, composta de 3 probas: Concurso de Preparación, Concurso de Manexo e Avaliación por Tipo, participaron 45 rapaces de 9 países europeos e foron xulgadas por D. Lars Bo. En representación de España, estiveron presentes 4 rapaces galegos que forman parte do Clube de Xovenes Gandeiros, e son Dña. Cristina Carro, D. Avelino Souto, D. Ismael García e D. José Manuel Sánchez.

Durante o mesmo, D. Avelino Souto de Gandería Midón de Lalín, Pontevedra -recente nomeado Campión Nacional- foi proclamado Campión Europeo de Manexadores na categoría Junior. E na Avaliación por Tipo quedou 3ª clasificada a súa compañeira Dña. Cristina Carro de Casa Nova SAT de Mesía, A Coruña. Ambos son coñecedores de que asistir a cursos e concursos é sen dúbida a clave do éxito; por eso xa todos coñecemos a súa traxectoria e agardamos continuar con eles celebrando boas novas coma esta que nos chega dende Cremona. Noraboa a todos.

Dende esta páxina, desexamos expresar á Asociación Nacional de Frisona Italiana (ANAFI) a nosa máis sincera felicitación polo éxito acadado nesta 2ª edición do Open Junior Show; é realmente admirable a labor de promoción que realizan, especialmente hacia os xóvenes. E transmitirles tamén o agradecemento por todas as facilidades e continuas atencións que os participantes españois recibiron en todo momento.



Avelino Souto Rozados

Gañador do II Open Junior Show de Cremona (Italia)
e Campión de España de manexadores na categoría junior

Manuel Cruz

Opasadosmesdeoutubroeconquinceanosrecécumpridos,omozo lalinenseAvelinoSoutoRozadosera proclamadogañador do II Open Junior Show que se celebrou na localidade italiana de Cremona coincidindo coas úxaxa famosa Feirado Bovino de Leite. Nestell Open Junior Show, considerado campionato de Europa oficios de manexadores, participaron 45 rapaces de 9 países europeos. En representación de España acudiron catro rapaces galegos do Club de Xóvenes Gandeiros de Galicia, Cristina Carro, Avelino Souto, José Manuel Sánchez e Ismael García. A vitoria de Avelino neste Open foi o colofón dun magnífico ano no que obtivo tamén o título de Campión de España junior no Concurso de Manexadores que a Confederación de Organizacións de Frisona Española (CONAFE) celebrou durante o Concurso Nacional de Xixón. Fillo, neto e bisneto de gandeiros de vacún de leite, Avelino é o máis pequeno de tres irmáns, e viven no lugar de Midón, pertencente á parroquia de Barcia, no concello pontevedrés de Lalín. Alí é onde os seus pais teñen a Gandería Midón, unha explotación con 90 animais, dos que 50 son vacas en muxidura. Avelino está cursando terceiro da E.S.O. e cando pode axuda aos pais na granxa.



Avelino, cóntanos, ¿como foi a túa experiencia en Cremona?

Ao principio pasei no algomal, sobre todo polo temado avión, xa que era a primeira vez que ían un, pero ben. Para representar a España íamos catro galegos: Cristina Carro, Ismael García e José Manuel Sánchez, e cando chegamos alí non coñecíamos a ningún e fomos a un pavillón que non era, pero ao final encontramos onde tiñamos que estar desde aquela ben.

¿Como era o funcionamento do concurso?

Omércores asignáronnos o número e a becerra que nos tocaba por sorteo, o xoves xa tivemos que lavar e pelar e despois o venres xa foi o concurso de manexadores. O que pasa é que alí é moi distinto, por que nos concursos de aquí cada un denó temos que coidar do noso animal, e alí non, alí só che deixaban coller o teu animal para as probas que tiñas que facer e nada máis.

E a rutina do concurso na pista tamén cambia, o que che levou a unha pequena confusión ¿non?

Si, porque aquí en España aos primeiros xa nos mandan desde o principio ir de primeiros á fila, pero alí non, oxuíz marca a todo o mundo e deixounos a catro dandovoltas na pista. Eu, mentres seguía dandovoltas ía pensando que non o fixeratan male como estaba deixandoa España, cando derepente

oxuíz nos díaaos catro que quedabamos que nos colocáramos no medio da pista e despois veu oxuíz e marcou me como gañador do Open xa empezamos todos a liaberrar e a celebralo.

¿Que foi o destacou o xuíz -o danés Lars Bo- para proclamarte campión?

Pois oxuíz dixome que me escollera a min porque cando nos parou e foi a mirar a becerra do outro lado, deixei as patas ben colocadas, e cando volveu cambiou as patas de posi-

ción sen usar os meus pes, só coa cabezada. Tamén dixome que ía moito tranquilo e me máis o animal, e tamén dixome que en todo momento levaba a cabeza na altura xusta e que conseguira que a miña becerra fora sempre coas orellas cara adiante e que sempre lle estivera prestando moita atención. Pero sobre todo gustoulle que para cambiarlle as patas á becerra non usara os meus pes.

O Open de Cremona non foi a única vitoria túa deste ano ¿non?

Non. Antes de ir a Italia, en setembro gañei o Campionato Nacional de Manexadores de Xixón na miña categoría, na junior, e este ano tamén gañei no concursoda MOEXMU, en Muimenta, e que é o segundo concursoda A Estrada.

¿E de donde che ven esta afición polos concursos?

Pois vendomeu pai. El empezou a ir ao concursoda Lalín a través dun amigo que levaba vacas aos concursos, e empezou a ir con el, a levar as nosas vacas, e desde aquela. Cando eu era pequeno ía levome con dous anos de idade e a partir de ahí empecei a ir todos os anos, non sei, a mellor é por iso de irtes superando, é como un vicio, cando empezas cada vez gústachemáis, non sei. Agoramáis ben xa leveo as vacas aos concursos, vou con dous amigos, Miguel, da SAT Carballeiras, e María, da Gandería Manteiga, imos sempre xuntos e pasámolo moi ben.



Avelino durante a súa participación no Concurso de Manexo en Semana Verde do 2005

¿E como te preparaches, como te formaches para preparar e manexar gando de concursos?

Home, antes de gañares dous premios, que foronos máis importantes, fixen moitos cursos. Os primeiros foron a través do Club de Xóvenes Gandeiros de Galicia, do que son socios desde os 12 anos, aífixen un curso na Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos, o derradeiro que se fixo alí antes de que pechara, e fixen outras dúas escolas en Boimorto e en Mouriscade. E ademais levotres anos indo na Escola de Luces, que organiza CONAFE, e que eu lle recomendo a todo o mundo que queira aprender e pasalo ben que vaia.

Os cursos son necesarios porque o mundo da preparación de animais para concursos é máis complexo do que semella a simple vista ¿non?

Si. Non os caso o proceso comezaxa dous ou tres meses antes do concurso, que é cando apartas aos animais que vas levar. Este ano para o de Lalín nós levamos catro animais pero apartamos seis, sempre apartas algún máis dos que ao final levas. Durante sete meses quedamos ben, é moi importante, dáslle unha alimentación exclusiva para eles, telos máis do teu ollo, contrólalos máis exa dous meses antes de bescelar ao animal para que cando chegue ao concurso teña un pelo máis basto e mellor. Despois xano concurso é cuestión de moito traballo, de pelalos ben, de saber moverlos na pista e todo eso. É traballo sobre todo.

¿Que importancia ten o pelado na preparación dun animal para concurso?

Pois o obxectivo que busca o pelado é que o teu animal chamem máis a atención e pareza

algomellor: por exemplo setes un animal un pouco gordo afínaslle o lombo para que pareza máis fino, naliñadorso-lumbar intente poñerlle todo o pelo igual para que pareza que aliña é totalmente recta, despois nabarriga deixáslle pelo, porque aínda que pareza un hatontería, si que fai que o animal pareza máis profundo; nas becerras tamén selles deixar máis pelo na cardiaca para que parezan máis amplas. Non sei, é como as mulleres, seteñen un peinado ben feito sempre quedan moito máis elegantes. Como por exemplo decortarlles o pelo das orellas máis cortiño, acabezas en pelo, abecerra quedo moito máis elegante á hora de saír á pista.

¿E como se debe manexar un animal na pista?

Depende do concurso, en manexadores é moi distinto a un concurso morfolóxico. En manexadores o que ten que ver o xuíz é que tieses bo, que sabes facer as pautas que hai que executar. Despois cando se trata de sacar un animal a un concurso pois depende do animal. Se é un animal que ten un problema dun hapatade atrás, que a abremoito outal, sempre ates que levamos máis de espazo; se o animal, cando está parado é moito máis feo que cando está andando, tes que intentarnon pararmoi to ao animal, saber colocalo para que o xuíz vexa sempre na postura que máis chama a atención.... aínda que pareza mentira, é moito máis complicado sacar un animal a pista nun concurso que en manexadores.

¿E todos estes coñecementos sérvenche de algo na granxa?

Porsuposto. Todo o que se sabe, aínda que non teñas que aplicar, nunca está de máis, e eu creo que para ir aos concursos, que é o que eu quero, pois porsuposto que son de gran axuda.

Avelino, ¿que fas na granxa?

Cando é a época de botar as xovencas e as vacas secas aos prados vou eu a cambiar o pastor, senon teño que estudar ou algunha cousa desas, que senon amiña na castigame. E por aquí axudo a arrimar lles a comida, limpar as camas, dar lles de comer aos becerros. De muxir, muxo eu só, non me gusta muxir con ninguén. Aos becerros, se estou na casa polo xeral atendo o seu, e despois se algunha vaca vai parir sempre me gusta estar alí.

¿E axudas tamén a seleccionar os animais na granxa?

Si que me gusta, facémolo coa axuda do Africo, e cada vez que ven en por aquí os vendedores de semeeuxa escollomais, isosí, consultando antes sempre come upai. De feito agora cando anda algunha vaca en celo, senon está a coplada costouros que temos notanque, o meu país sempre me avisa de que anda a oboi, sobre todo se é algunha das que van aos concursos.

Aínda eres moi novo, pero ¿ves o teu futuro vinculado á gandería de frisión?

Pois non o sei seguro, pero imaxínome que sí, porque amingustaría me estudar veterinaria, pero a verdade é que estudarnon é algo que me gusta moito, así que xaveremos, pero sí que me gustaría seguir coa granxa.

E xa para rematar esta entrevista, Avelino, ¿queres engadir algo máis a todo o que temos falado?

Pois.... querodaras grazas a Bonet, Anxo, Iván, Gabriel, Carmiña e tantos outros quenosteen ensinado, tamén agradece ao Club de todo o que está a facer por nós, organizar actividades, cursiños, concursos e o que é mellor, as viaxes ao extranxeiro onde opasamos moito ben, aprendemos moito e facemos moitos amigos.



XIII Concurso Nacional de Manexadores CONAFE'13

O 28 de Setembro celebrouse en Gijón – Asturias, o Concurso Nacional da Raza Frisona CONAFE 2013, e tamén tuvo lugar o 13º Concurso Nacional de Manexadores que foi xulgado polo danés Niels Eric Haahr, o cal proclamou Campión Junior a D. Avelino Souto, Subcampión a D. Guillermo Orfila e como reserva a Dna. Cristina Carro.

GandAgro. Silleda 2014

Os próximos días 13 ó 15 de Marzo celebraremos en Silleda e durante GandAgro, os concursos de pelado e manexo. Convidámosche a que participes nestas actividades programadas e que animes os teus colegas a colaborar con nós.

Agardámoste.

BO NADAL!



III Monográfico da Gandería e a Agricultura



**Feira Internacional de Galicia
13 - 15 de marzo de 2014**



- ▶ XXXII Open Internacional GandAgro da Raza Frisona
- ▶ XXIII Concurso Autonómico da Raza Frisona
- ▶ XXX Concurso de Xóvenes Manexadores
- ▶ VII Concurso de Preparadores



www.gandagro.com

[facebook.com/gandagro](https://www.facebook.com/gandagro)



Compra conxunta de doses seminais

Ó obxecto de que os socios poidan optar á compra de sementais de recoñecido valor xenético e a prezos asequibles, o pasado mes de Novembro solicitáronse ofertas ás distintas casas comerciais para poder organizar a compra conxunta de doses para 2014.

Unha vez recibidas estudiadas e valoradas as ofertas, a Mesa Técnica de Mellora Gandeira seleccionou os seguintes touros:

Programa Galego

PROBADOS	BOS SEIJO BOLTON TORREL ET	BOS BAIXO AIRRAID XUDAN ET	ALTOMIÑO COLINS ET
	MARIO XACOBEO ET	MANTOÑO DUNO	SAN CRISTOBAL LASSON
	RIDGEFIELD DELETE ET	BOS SHOTTLE BETANZOS ET	
XENÓMICOS	HEIDENSKIPSTER SALNES	VENDAIRY STOP	C.LOLA XF SNOW BARMAN ET
	TEXEL BEAUTY CAPRICO	VVH ARMONICO	ZANDERBURG XIL

Consultar probas na páxina 7 (tours marcados con *)

Touros importados (probas Interbull. Decembro 2013)

NOME	Fiabilidade Producción	Índice Kg. Leite	% Graxa	Índice Kg. Graxa	% Proteína	Índice Kg. Proteína	ICAP - I. Capacidade	Índice Pes e Patas	Inserción Anterior	Inserción Posterior	Ligamento Suspensor	ICU - Índice Ubre	IGT - Índice Tipo	ICO	Índice Lonxevidade	Índ. Células Somáticas
GERARD	96	1954	-0.21	47	0.04	67	1.34	0.21	1.84	1.89	1.48	2.24	2.01	3852	113	95
MASCALESE	88	1551	-0.04	52	0.02	51	2.00	1.10	2.37	2.12	1.28	2.47	2.84	3565	107	113
ELBURN	86	1473	-0.13	39	0.11	58	1.07	1.63	1.07	1.53	0.52	0.82	1.64	3426	116	100
CANCUN	82	1308	0.07	54	0.05	47	1.12	0.76	2.42	1.35	1.64	2.51	1.99	3396	113	105
(1) LAZARITH	92	1825	-0.32	31	-0.17	40	0.72	1.66	0.49	1.91	2.18	1.27	1.77	3359	115	116
MINCIO	88	911	0.09	42	0.00	29	0.42	1.66	3.54	2.98	2.61	3.89	2.98	3322	115	98
(1) SUPERSTITION	97	1090	-0.41	-2	0.02	37	0.59	0.23	2.42	0.46	1.71	2.60	1.23	3154	124	114

(1) Seme sexado (sérvese en minipalleta)

- A través das Africor e como cada ano achegaranse ós gandeiros as solicitudes de seme.
- Para a asignación das doses por explotación terase en conta o número de vacas en Control Leiteiro Oficial (poderase solicitar ata un máximo de 3 doses por vaca controlada).
- Xunto ás doses de touros probados, entregaránse gratuitamente ata un 13% de doses de touros do Programa, en proba.
- O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 31 de Xaneiro, e prevese comezar co reparto das doses no mes de Marzo.

axenda 2014

8 Febreiro	POXA DE GANDO FRISÓN EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA (CASTRO DE REI - LU)
27 Febreiro	XORNADA TÉCNICA - FACULTADE DE VETERINARIA (LU)
8 Marzo	POXA DE GANDO FRISÓN NO RECINTO FEIRAL DE CHANDADA (LU)
13 - 15 Marzo 2014	XXXII CONCURSO INTERNACIONAL OPEN GANDAGRO '14 - Silleda - Pontevedra
	XXIII CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '14
	XXX CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUIS LOUZAO"
	VII CONCURSO DE PREPARADORES DE GANDO
5 Abril	CONCURSO DE GANDO FRISÓN DE MOEXMU (COSPEITO - LU)
6 Abril	POXA DE GANDO FRISÓN EN MUIMENTA (COSPEITO - LU)
10-11 Abril	ESCOLA NACIONAL DE XUICES CONAFE '14 (VIC - BARCELONA)
25-26 Setembro	CONFERENCIA E ASEMBLEA DA CONFEDERACIÓN EUROPEA DA RAZA HOLSTEIN (XIXÓN - ASTURIAS)
27-28 Setembro	35º CONCURSO NACIONAL CONAFE '14 (XIXÓN - ASTURIAS)
8 Novembro	POXA DE GANDO FRISÓN EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA (CASTRO DE REI - LU)
22 Novembro	POXA DE GANDO FRISÓN EN GANDERÍA OUTEIRO (CHANTADA - LU)

SEMEN SEXADO

PARA TENER MÁS Y MEJORES NOVILLAS

LAZARITH SUPER

*Lazarith

Nº 5 del ICO

Altísimas Producciones

*Super

11796 hijas en USA

+7.4 Vida Productiva

+2.9 Fertilidad

Excelente Tipo y Ubres



your **Profit** partner™



Eurodistribución Ganadera, SL - CRI España


Eurodistribucion@eurodistribucion.com

+34 987 213 172 +34 676 46 77 46

www.criespana.com

TORREL

EPH070700006 2da 4da 1da
DOLTON x ALLEN x BURNHAM JEMCHO



#1
ISO

EP 1 ISO 3.500

EP 1 PACTO

EP 2 ISO LACTE



© 2023 - Torrel - Todos os direitos reservados

Em Seje TORREL ET

- Altíssima produtividade de leite (21.776 kg) e proteína (2.42 kg)
- Excelente tipo zairo (23,4%), boas características, baixo maciçismo (23,27) e nitro na fundação, ótimo para o manejo no rebanho
- Baixo maciçismo zairo (7,97) e alta maciçismo (11,1)
- Zairo sempre mais de 400 kg, ótimo e 2da produção para o zairo, zairo em lactação de produção e tipo, e retorno e retorno em lactação sempre excelente (EP 1 de 2023 ISO)

